



Sumario:

Editorial

Memorandum de actuacións

O exemplo vivo da parroquia

de Meiro X. L. Méndez Ferrín

Pregón IIª Festa Xabier Castro

As seras de Meiro Xosé Manuel Cerviño

Pinceladas de Millo Rita Estévez

Marga Portela

O carteiro Marga Portela, Rita Estévez

O patrimonio inventado Xavier Framil

Na procura da Pegada do Boi

Salvador Castro Otero

Varietades autóctonas de maiz

Amando Ordás

Teatro Amador. Rosa E. Gantes

Parrafada do millo corvo Seso Portela

Familia e lectura José Ramón Núñez

Pregón IIIª Festa Arturo Sánchez Cidrás

Camiño do Estripeiro

Meiro corvo Belarmino Barreiro Rosales

Os anfibios Pichi

Meiro, aldea dos Faros Xabier Castro

Os muiños de auga Manuel Aldao

Edita: Asociación Sociocultural, Deportiva e Xuvenil de Meiro

Colaboracións:

Lgar. Casa da Aldea de Meiro

36938 Bueu (Pontevedra)

Tel. 637 55 89 57

Núm.: 0

Depósito Legal: PO - 180- 02

Imprime: Viláfer - Cangas

A verba do corvo

Chega a primavera, a natureza renace. Con ela ve a luz o que tenta ser unha publicación con aspiracións culturais que dea cabida a un foro de persoas que comparten a súa afección e amor pola terra expresadas nas distintas vertientes desta: patrimonio arqueolóxico, arquitectónico, documental, etnográfico...

Este encontro coa palabra escrita coa verba emanada da lingua do corvo tenta expresa-los pensamentos, as ilusións, as paixóns reflectidas no papel a través da tinta indeleble das distintas cores da vida mesma. Unha fiestra aberta que amose os máis fermosos rechouchíos que nos queiran facer chegar tales mudos graznidos, ás veces negados por non camiñar polos sendeiros establecidos, pero ante todo unha forxa permanente do bo facer dun traballo colectivo.

Mouro, Meiro corvo iniciado nas pegadas do boi, pegadas na terra recién fendida co seu lento son do arado, Cabano e Gallardo, a derradeira parella de bois de Moncho da Silveira e da súa dona Mucha, da veciña parroquia de Beluso e Vilar, o lugar onde habitan e turran nas múltiples leivas da vida, aló polo abril nos acompañan e protagonizan esta fermosa historia do noso pasado, das nosas raíces, dos nosos devanceiros, dun millo escuro como a fame negra.

Meiro, marzo de 2002

